VETERANOS ACTIVOS

SOCIEDAD DE MONTAÑA ARTABROS

RUTA DOS FERREIROS E FERVENZA DA SALGUEIRA TARAMUNDI (Asturias)

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

MÉRCORES 15 DE MARZO DE 2023

Comezamos o noso percorrido no centro de **Taramundi,** á altura dun **cabazo** levantado do chan por dous muros, moi típico nesta zona, e imos subindo lentamente pola rúa Maior, xunto ás numerosas tendas de recordos coas famosas navallas de **Taramundi**, á vez que vemos un **Edificio de indianos,** distinto dos que adoitamos ver, moito más práctico e xa construído para hotel con cafetería nos seus baixos; fronte a el, o **Carbayo de Poyo**, monumento creado coa madeira da árbore plantada no centro da vila en 1.584 en conmemoración da súa independencia do Bispado e baixo cuxa sombra se discutían as cuestións de interese municipal.

A continuación temos: á nosa esquerda unhas **casas con balcóns**, elemento característico da arquitectura popular de Taramundi; á dereita a **Igrexa Parroquial de San Martín**, cuxa actual estrutura data do século XVIII, ampliación dunha primitiva e recentemente rehabilitada, con tres retablos policromados e que conserva o chan orixinal con taboleiros e laxas cun orificio no centro para levantalos e así poder sepultar aos mortos da parroquia; á fronte temos a estatua dedicada ao mestre taramundés **Manuel Lombardero Arruñada** (1852-1919), que foi docente durante máis de 40 anos na vila. O seu importante labor educativo foi recoñecido polo monarca Alfonso XIII cando lle nomea Caballero da Orde Civil de Alfonso XII en 1912, e foi financiada polos seus antigos alumnos residentes en Cuba.

Continuamos en ascenso deixando á nosa esquerda unha típica casa de labranza ata alcanzar **La Rectoral**, un espazo hostaleiro moi coñecido e visitado en tempos por políticos, e de aí, cara a **Pardiñas** onde visitaremos a **Quesería Artesanal de Taramundi e o Museo da Cuchillería** onde, **previo pago de dous** euros por persoa, veremos a **navalla xigante** de 7,20 metros e 1.600 quilos de peso que se fabricou en 2011 como homenaxe aos **cuchilleros de Taramundi** e farannos unha demostración da forxa e fabricación artesanal dos seus famosos coitelos.

De novo en marcha, seguimos a senda que nos levará cara a **Pardiñas de Baixo** e, pasado este reducido conxunto de edificacións típicas, por un precioso carreiro que atravesa un bosque denso de castiñeiros, fentos, haxas e outras árbores, nunha paisaxe tipicamente asturiana, descendemos pola ladeira do monte cara ao **Arroio Cabezón**, para logo continuar polo camiño que nos levará a **Vilanova.**

Tras un pequeno tramo asfaltado cruzamos a AS-21, para chegar a **Veiga da Sarza**, exquisita mostra da arquitectura popular da zona e onde se pode ver un panel informativo sobre a historia de **Veiga da Sarza**, moi relacionada co ferro, xunto cun precioso salto de auga que facía mover as rodas hidráulicas da ferrería que se construíu a metade do século XVI e se mantivo activa ata 1935.

Tras un pequeno descanso na súa área recreativa, nunha paraxe encantadora ao que accedemos tras cruzar unha ponte sobre o río Turia, volvemos atrás uns metros e seguimos polo camiño da **Ermida de San Diego,** para logo coller un precioso carreiro no val, á dereita do río Turia, ao longo do que toparemos restos de antigos muíños, algunha ponte, os restos da central

eléctrica chamada **O Chusco** da que sae unha canle que toma augas algo máis lonxe no río Turia, onde tamén veremos os restos de varios antigos muíños de auga. O carreiro apártase algo do río, para ir en busca dunha ponte que permite cruzar e o Rego do Valiña e chegar á ***Font do Meiral*** para logo saír á estrada onde, tras cruzar a ponte sobre o río Turia alcanzo a entrada do **Museo dos Muíños de Mazanovo**, o maior museo de muiños de España, á beira do arroio Cabreira (que tamén se une ao río Turia) e unha canle que leva auga aos muíños do museo. **A entrada custaranos 3,40 € por persoa**.

Ata aquí camiñamos pouco máis de seis quilómetro. É o momento de pensar como nos atopamos fisicamente para decidir se quedamos a ver o museo ou continuamos o roteiro ao que lle faltan os catro quilómetros máis esixentes do día para chegar á fervenza da Salgueira, espectacular nesta época do ano, por un carreiro de ida e volta de catro quilómetros en total e 156 metros de desnivel tanto positivos como negativos.

De regreso podemos visitar Mazonovo ou subir directamente a **Taramundi.** En calquera dos casos, desde **Mazonovo** ata o autocar seguiremos as marcas branca e amarela en subida, primeiro por unha senda pegada á estrada ata o aparcamento onde a cruzaremos para seguir por un camiño asfaltado e unha posterior rampla hormigonada onde nos desviaremos á dereita para visitar o interesante **Yacimiento Arqueológico de Los Castros**. Este poboado foi fundado durante a Idade de Bronce, sendo ocupado durante a Idade de Hierro

(século V a.C.) ata a chegada dos Romanos (séculos I e II d.C.). Nel existen fragmentos de habitacións e muralla. Tamén se descubriron dous achados importantes como son un puñal con funda de madeira (época prerromana) e unha sauna romana.

Excursión relativamente cómoda, aínda que é necesario levar calzado adecuado e bastón pois hai puntos nos que se debe ter coidado para non escorregar debido ás follas caídas sobre pedras húmidas.

Distancia chegando a fervenza: 10 km Desnivel + 520 m

Distancia sin chegar a fervenza: 7 km. Desnivel + 450 m.

Guía: **Pili Gómez**

INSCRICIÓNS

Socios: **3€** - Non socios: **5€.** Faránse por correo-e, teléfono, ou nas oficinas do club. Haberá que agardar a confirmación da praza para facer o ingreso,

Nº de conta: ***ES25-2080 5565 0030 4000 2362***

Clave para poñer na referencia do ingreso: 71200396

Devolveráse a inscripción cancelada ata unha seman antes da saída, enviando un correo-e para que conste a data, e avisando por teléfono si é posible.

DATOS DE ÁRTABROS

R/Santa Tareixa,14-baixo. 15002 A CORUÑA

Teléfono: 981 21 31 15. **artabros@artabros.org.**

Horario. De lúns a xoves de 20 a 22 horas. Vernes de 18 a 20 horas

HORA E LUGAR DE COLLIDA DO BUS

Sairase as 9 horas do Pavillón de Deportes de Riazor, con paradas en Xoan Flórez, Avda.de Alfonso Molina e Carrefour.

A chegada nos mesmos lugares, salvo os que suban en Xoan Flórez, que baixarán en Catro Camiños.

AS SEGUINTES RUTAS SON:

26 Marzo. Coñece e Camiña. Baio (A Coruña)

6-9 Abril. Semana Santa. Parques Naturáis de Álava. Aloxamiento en Vitoria.

12 Abril. Veteranos Activos. Ribeiras do Ulla, Touro (A Coruña). Visita ao Museo do Mel Vivente do Mel, O Enredo do Abelleiro. Portodemouros - Arzúa.

23 Abril. Coñece e Camiña. Ruta dos Castelos. Alfóz (Lugo)

26 Abril. Veteranos Activos. Fraga e Lago de As Pontes (A Coruña)


Eta. de S. Antonio
Arredondas
Pico do Pozón
Pico de Corzo
Arroyo do Cabanol
Eiros
Forta
Ermida de San Xoán
A Vacoreira
Pico Penallos
Piñeiro
Sierra de
Cancelos
Lourido
Aguillón
AS-21
Ermita de San Blas
Pico dos Cachaparros
Vega de Llan
Pereiro
Pardiñas
Ermida de San Xosé
Os Candaedos
Camporros
Valín
Llan
Taramundi
Busnovo
Gerda
Cabaniñas
Pico Busnovo
Ermida da Madanela
Coirío
Mazo Novo
Nogueira
Pico Chao
Calvín
Nío
Valindarcas
Arruñada
Les
Eta. de Sta. Isabel
Ermida de San Isidro
Tibadas
Esquíos
Monte Carranco
La Sacada
O Chao
Pico Carranco
Casenda
O Piquín
Sela de Muller
Ortigueira
Pico Daviella
La Pereira
Monte la Saqueira
Almallos
Navallo
Chao da Trapela
Las Veigas
Capela de Santa Maria
A Patoqueira
Veigas
Os Teixedais
Pico do Corno
Barreiroa
O Couce

Altura (m)
450
400
350
300
250
200
0.0
1.0
2.0
3.0
4.0
5.0
6.0
7.0
8.0
9.0
10.1
Distancia (km)